


Foto cedida pola Deputación de Lugo



A CACHARREIRA

Eva Teixeira

Calquera que se achegue ó museo provincial de Lugo poderá desfrutar, do cadro "A cacharreira", obra de Antonio Insua Bermúdez e datado no 1930. Neste cadro atopamos unha muller de mediana idade, vestida como unha campesiña do primeiro tercio do século XX; que fita para nós. Ós seus pés vemos unha serie de pezas alfareiras, e outra repousa no seu colo, suxeita cunha man, mentres que coa outra terma dun paraugas. O retrato da cacharreira chama a atención por varios aspectos, un deles é o seu gran tamaño, outro a sinxeleza da mirada que parece adicar a muller ó espectador que a contempla, e, por último, o realismo da súa fisonomía.

Este realismo ten unha explicación, pois, se investigasemos un pouco máis sobre este cadro, descubriríamos que nel está representada unha veciña da parroquia de Bonxe, en Outeiro de Rei, que aínda hoxe conta con numerosos descendentes seus nese concello da Terra Chá lucense. Case todo o mundo sabe que Bonxe foi unha terra de alfareiros dende hai moitos anos, e era frecuente que as mulleres acudisen ás feiras e mercados a vende-las pezas que elaboraban os cacharreiros.

Encarnación, que así se chamaba a retratada, estaba na feira en Vilalba, onde a viu o pintor, quen tomou unhas para logo realiza-lo cadro no seu taller, non vendendo os cacharos que facían outros alfareiros de Bonxe, senón vendendo as pezas que ela mesma facía. Trátase dun caso excepcional: nesta parroquia, e noutras moitas que houbo ó seu redor adicadas tamén á produción de cerámica¹, quen realizaba as pezas eran os varóns, mentres que as mulleres colaboraban noutro tipo de tarefas relacionadas coa extracción, preparación e vibrado do barro, ou na cocedura das pezas medio curadas. Son excepcionais os casos de mulleres que realizasen as pezas; na memoria colectiva da zona lémbrense

da "canteira"², da casa do Bouzas, e unha muller da casa do Cobas, a "tía Encarnación", quen non só as facía senón que as vidraba e logo ía ás feiras de Rábade e de Vilalba a vendelas³.

Para recupera-la figura desta muller temos que volver cara atrás no tempo. Hoxe só viven tres fillos seus, de avanzada idade, dos dez que tivo e a maioría dos seus netos non chegaron a coñecela ou eran moi pequenos para ter acordos dela. Sen embargo, moitos homes e mulleres da parroquia de Bonxe aínda a recordan e gracias a eles podemos recupera-la súa figura e a súa memoria.

Nada na parroquia de Bonxe o 12 de setembro do 1888, Encarnación Fernández Lage, segundo consta na súa partida de nacemento no xulgado de paz de Outeiro de Rei, era filla de Pedro Fernández, natural da mesma parroquia, e de María Lage, natural da parroquia veciña de Vilela. Morreu o 19 de setembro de 1948, deixando viúvo a Manuel Cobas, natural de Matela, con quen tivera dez fillos: Auria, José, Ángel, Amable, Ramón, Rosendo e Bonifacio, todos eles aínda vivos cando ela morreu, e Segundo, Alicia e Amadeo, xa defuntos no ano cuarenta e oito. Estes últimos datos proceden do libro parroquial, asinado por don Bernardino Montenegro, cura párroco de Bonxe e San Lourenzo no ano que morreu Encarnación.

A alfarería de Bonxe, que chegou difícilmente ata os nosos días, era un oficio que -como di Luciano García Alén- transmitíase de pais a fillos, de xeración en xeración, pero por liña de varón.

Esto non quere dicir, que as mulleres da parroquia non participasen do oficio, senón, que, simplemente, non "torneaban" as pezas na roda. Unha mostra da importancia do traballo feminino realizado na alfarería en Bonxe pode apreciarse aínda hoxe na memoria dos vellos das parroquias veciñas, que lembran como ás mozas casadeiras do redor se lles recomendaban non casar cos de Bonxe, porque terían que traballar moi duramente co barro e "apañar moitos toxos" (necesarios para realiza-la cocedura dos cacharos).

As mulleres de Bonxe acudían cos homes a arrinca-lo barro das barreiras de San Lourenzo ou de Bonxe, carretábano en cestos ata os carros, pisábano e macicábano⁴, moían o

1. Como Tirimol, Silvarrei, Gaioso, Pías... de todas elas só se conservou o oficio dos cacharreiros ata os nosos días en Bonxe.

2. Que tiña ese alcume porque ademais de facer tazas, poñía na pedra "coma un home".

3. Os alfareiros vendían as pezas por "partidos": cada un tiña adxudicadas determinadas feiras. No caso de Encarnación, correspondíanlle as da Terra Chá, e acudía a elas con outra muller, tamén de Bonxe, a Valentina do Xastre.

4. De feito, existían distintas ferramentas para facelo segundo realizase a laboura un home ou unha muller.

5. Denominábase así a dar o baño co chumbo, proceso que hoxe foi substituído polo emprego dun esmalte, dende que Industria prohibiu o uso do chumbo pola súa toxicidade.

6. As pezas de grandes que aparecen no cadro parece ser que non eran feitas por ela senón por un curmán seu, que tamén vivía en Bonxe, da casa do Pichón.

chumbo para darlles o baño ás pezas antes de cocelas, axudaban a xuntala leña e os toxos para realiza-la cecedura e incluso ían, como reflexa o cadro de Insua Bermudez, vendelos cacharros ás feiras, en moitos casos á pé. Sen embargo, non eran alfareiras porque nen facían as pezas na roda, nen "vidraban"⁵. Aínda que estas dúas tarefas eran predominantemente masculinas, había algunhas mulleres que tamén as realizaban, como a "Canteira" e a "tía Encarnación", e precisamente polo extraordinario do seu traballo ficaron na memoria da xente do lugar. É de supoñer que serían máis as que sabían facer pequenas pezas, pois ata fai poucas décadas calquera adulto ou neno da parroquia sabía, polo menos, facer unhas tazas, pero non o facían habitualmente.

Cando non había alfareiro na casa, porque o home estaba emigrado, por exemplo, a muller contratava os servizos doutro cacharreiro que lle fose a "xornal" para poder realiza-las pezas e as ceceduras.

Segundo os testimonios consultados, a "tía Encarnación", que así era coñecida, era a única muller que bañaba co chumbo: empezouno a facer un día que lle fallou un xornaleiro que tiñan axustado para axudar a facer a cecedura; ela decidiu cocer igual, para poder ter cacharros que levar á feira, e vidrou ela. Dende ese día fíxoos sempre.

Sen dúbida contribuíu decisivamente a que fose ela quen desempeñase o oficio de alfareiro, típicamente masculino, o feito de estar casada cun home doutra parroquia, que non coñecía o oficio de facer cacharros, e como din os veciños, non lle daba moito xeito. Ela mantivo o oficio familiar, xa que naqueles anos de miseria, era un negocio bastante rentable, pois proporcionaba cartos ó contado. Non hai máis que lembra-las cantigas populares que dicían: "Casa conmigo Rosiña/ mira que son cacharreiro,/ durmirás en boa cama/ e sempre terás diñeiro".

Os que a lembran din dela que facendo pratos, fontes, vasiños para o viño e tazas, non había home coma ela⁶. O seu fillo, Ramón Cobas Fernández, o primeiro que me falou desta muller alfareira, dicía que "traballaba mellor que ningún home". Tamén foi ela quen lles ensinou a algúns dos seus sobriños a face-los cacharros, porque non saían da súa casa.

Ningún dos seus fillos se adicou á alfarería (só o de Penelas fixo algunha cecedura xa de casado), pero é de supoñer que todos souperanían facer cacharros, polo que o oficio morreu con ela.

A "tía Encarnación", era alta e delgada, como pode apreciarse no retrato, de rostro enxoito, e tiña as mans deformadas polo traballo do barro, como a maioría dos alfareiros e das súas mulleres, debido á excesiva humidade deste material. O rasgo máis destacado do seu carácter era a súa bondade; todos os que a coñeceron coinciden neste punto.

Dalgún xeito, podemos dicir que esta muller, serviu de precedente á outra alfareira que hoxe traballa en Bonxe, Josefa Lombao Ferro, que, xunto co seu pai, Indalecio, son os dous únicos alfareiros que quedan en activo na zona. Foi precisamente Indalecio o primeiro en recoñecer a muller do retrato nunha visita ó museo, como veciña súa.

Non foi o único en recoñecela: outra muller que visitou o museo, da zona de Vilalba, afirmou que non sabía como se chamaba a alfareira, pero coñecela como "a freba", que era como lle chamaban polas feiras. Este alcume podería deberse á delgadez de Encarnación, ou incluso relacionarse co tipo de barro que existía en Bonxe, chamado de liga ou de freba, porque ligaba moito, e que os alfareiros mezclaban co de San Lourezo. Co nome de "A freba" tamén aparece documentado o cadro na entrada que o autor, Insua Bermudez, ten na Gran Enciclopedia Gallega, polo que podería ser ese o seu primeiro título, posteriormente modificado. O cadro pertence á Deputación Provincial de Lugo, xa que o pintor estaba becado por ela cando o realizou, no ano 1930 e ficou nesta institución. Esta pintura permaneceu no Goberno Civil ata o ano 1984 en que foi trasladada ó seu emplazamento actual, na Sala de Arte Galega Contemporánea do Museo de Lugo.

A figura da "tía Encarnación" debe ser rescatada non só porque quedou inmortalizada na obra dun pintor, senon tamén porque exemplifica a inmensa laboursa desenrolada polos homes e mulleres rurais da historia recente de Galicia, ofrece unha nova perspectiva sobre a contribución das mulleres ó duro traballo da alfarería na zona e testimonia un oficio e unha

forma de vida hoxe practicamente extinguidos na Terra Chá. Nesta comarca lucense, os cacharreiros desapareceron, e só prenderon de novo algunhas muxicas da súa labouira en Bonxe, onde aínda fican dous alfareiros en activo, e onde moitos dos seus veciños de certa idade coñeceron este duro quefacer dos cacharros e lembran o tempo en que o barro tinxía ás súas mans e as súas vidas.

A figura da "tía Encarnación" forma parte da memoria viva de moitos galegos e galegas e perdurará eternamente fitando ó espectador tenramente, dende a súa posición privilexiada no museo.

Para rematar, quero expresa-lo meu agradecemento a todos aqueles que me facilitaron o acceso á información, tanto no museo, como no bispado e no xulgado de Outeiro de Rei, e, sobre todo, a tódolos familiares e veciños de Encarnación Fernández Lage, que me aportaron datos sobre ela, e ós que debo a realización desta investigación. A súa memoria perdurará tamén con ela.

Bibliografía:

Gran Enciclopedia Gallega

La alfarería de Galicia, Luciano García Alén, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1983, A Coruña.





ZERRA CHÁ



Orgao das Brigadas en Defensa do Património Chairego



brigadas